

Lugo Cultural está formado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), Concello de Lugo, Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, Xunta de Galicia e Novacaixagalicia xestionado pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria, Cultura e Sociedade.

Información:

Oficina de Cultura (Lugo)
Vicerreitoría de Extensión Universitaria, Cultura e Sociedade
Tel.: 982 821 513
Recoñecido un crédito de libre configuración

unha conciliación deste co devandito contorno. Pretende ser reflexo tanto da absorción como do benestar que padecemos. Unha especie de neutralidade que se materializa mediante sons de vehículos de paso, que a todos nos son familiares, mesturados con sons máis familiares, se cabe, provenientes da auga.

Entropía de Arnau Ricart. Vídeo dixital 3'18". Fala dos espazos que perderon a súa funcionalidade, espazos que foron construídos sen pensar no seu final e na súa decadencia atopan a súa razón de ser. As percepcións que rodean estes espazos son as que pretende transmitir este traballo.

Caceroléfono de Marian Moreno. Vídeo dixital (2'09"). (De *cacerola* e *-fono*). 1. m. Instrumento musical de percusión formado por tarteiras e olas, que se fan soar golpeándoas con utensilios domésticos mediante un mecanismo de pancas. O *caceroléfono* foi creado co obxectivo de facilitar a protesta da xente da rúa, e á súa vez, lembrarles aos cidadáns a importancia de manifestarse cando se está en desacordo con algo.

Soundfish experience de Jordi NN. Vídeo dixital (3'). É un achegamento en forma de metáfora pesqueira aos sons cotiáns que nos rodean, que nos envolven, que conviven con nós. Un paseo inocente cos oídos dun neno e a mente dun pescador de sons.

Buenas noches, buenos días de Sergio Velasco Caballero e Vanessa Amo Aparicio. Vídeo dixital (2'08"). Este vídeo é un fragmento dunha acción fonética sonora levada a cabo

nos barrios valencianos de Cabañal-Cañamelar, durante a noite e o día. Dúas persoas derivan polo espazo intentando imitar os sons que escoitan ao seu paso. A intención desta experiencia foi descubrir novas percepcións dos distintos sons da cidade, segundo as horas, á vez que evidenciar a diferenza no acto da escoita en cada un de nós.

Ciudad-instrumento de Carolina Vallejo. Vídeo dixital (02'52"). Grazas á construción dun micrófono de contacto, fun pola cidade auscultándoa, pero non escoitaba nada, así que me vin obrigada a "tocar" a cidade como un instrumento, toquei as reixas, os sumidoiros, as fontes de auga, o parque dos nenos e cada material descubriase no meu micrófono: a madeira, a pedra e o metal, todos resoaban de diferentes formas, cobrando vida. Quixen realizar un vídeo dos materiais da cidade, as súas texturas que cobran vida ao rozalas, localas ou percutilas.

Auscultar la ciudad. Vídeo dixital (7'30" minutos). Obra colectiva: Laura Alcarria García, Miguel Bori Muñoz, Antonio Jesús Busto Algarín, annaCAN, Pol Coronado, Irene de Madrazo Abad, María Isabel Espinosa Malea, Pablo Antonio Ibáñez Rabasco, Marijana Jovanovic, Ágata Carmela Lo Mónaco, Daniel Lozano López, María del Carmen López Ortega, Ibaute Imobach Marrero García, Benjamín Martínez Espinosa, Verónica Martínez García, Joana Mollà Hinarejos, M^a Ángela Moreno Lara, Yasmina Olivas García, Rosa María Ochs, Pau Orts Ros, Mariana Pantoja Redondo, Ricard Ramon Camps, Sara Ramon Parrilla, Arnau Ricart Sanmartín, Ignacio Sánchez de San Román e Sergio Velasco Caballero. A partir da construción de micros de

contacto e hidrófonos, propóñense recoller -como "médicos de cabeceira" co seu estetoscopio- o son interior da cidade de Valencia, auscultando o pulso interno do corpo da cidade, o seu corazón, os seus pulmóns, os seus zumes gástricos e o seu mundo interior invisible pero audible. Proposta xurrida a partir dun taller sobre a construción de hidrófonos impartido polo artista sonoro Mikel R. Nieto na Facultad de Bellas Artes de Valencia en xaneiro de 2011.

EFRAÍM DÍAZ, compositor (Lugo) É titulado superior na especialidade de Percusión, estudando no Conservatorio Superior de Música da Coruña, coa profesora Pilar García, obtendo no seu concerto Fin de Carreira a cualificación de matrícula de honra. É profesor de Percusión do Conservatorio "Mestre Ibáñez" de Monforte de Lemos, Conservatorio de Melide e músico solista de percusión por oposición na Banda Municipal de Música do Concello de Lugo. *Viaje por Kallaikía*, a súa primeira obra usando paisaxes sonoras e técnicas electroacústicas, xa soou en RNE, no programa *La casa del Sonido*, dirixido e presentado por José Luis Carles. No campo da música electroacústica, o seu interese maior son as paisaxes sonoras, frito do cal puxo en marcha un proxecto para o estudo dos sons da cidade de Lugo, *Lugosonoro*, idea nacida baixo o marco dos 2^o Sons Creativos da USC. *Lugosonoro* está apoiado, por medio dun convenio colaborativo, pola Fundación TIC da Deputación Provincial de Lugo.

OBRA: **Abastos de Lugo I.** É a primeira dunha serie de obras curtas sobre os sons do mercado e a Praza de Abastos de Lugo. Nela úsase unha base que é unha

paisaxe sonora do mercado da cidade, sobre a cal se van engadindo sons do mesmo mercado manipulados con medios electrónicos. As imaxes son do propio mercado e dos elementos que producen eses sons manipulados. A realización da paisaxe sonora base foi realizada por Lugosonoro e apoiada pola Fundación TIC da Deputación Provincial de Lugo.

GRUPO DE CREACIÓN MUSICAL DA USC (GCMUS). **Mónica Álvarez** soprano e compositora, **Arturo Vaquero** compositor e técnico de son. **Inmaculada Cárdenas** profesora e compositora.

O Grupo de Creación Musical da USC ven desenvolvendo dende máis dunha década propostas sonoras experimentais coa finalidade de dar a coñecer e dinamizar os novos espazos das músicas actuais, encárgase na actualidade da organización dos Sons Creativos como unha porta aberta neste sentido.

OBRAS: **Lima, Lima canto che quero!** **Inmaculada Cárdenas.** O nome da obra xurdiu pensando na miña amiga Rosa Carabajo Pacha sobre Lima, a súa cidade, colaboraron nela Terencia Silva, Patricia Silva e Santiago de Orellana. Unha evocación dos seus contrastes, a súa vitalidade, a súa amabilidade, o seu algareo, a súa calma e as súas persoas. Esta obra relaciona neste intento imaxes e son e somérxenos nese caos aparente dunha cidade enorme que segue sendo amable en moitos dos seus recantos.


Periferias. **Arturo Vaquero.** Paisaxe sonora en formato audiovisual que

describe o contraste entre o son do mundo rural e o son da cidade. Estes conviven en harmonía nas periferias das cidades. Estes sons están gravados no contorno de Abrigueiro e a cidade de Lugo.

As voces do mosteiro. **Mónica Álvarez.** É unha obra electroacústica que nace da paixón que os espazos sonoros do Mosteiro de Santa María de Montederramo provocan en min cando, no medio da miña xornada escolar como docente, desprázome por eles e xogo coa miña voz. É unha inspiración, unha desconexión, un recolleto, un desafogo, unha liberdade, unha necesidade, unha diversión, un pracer... En definitiva, un lazo de amizade cos espazos deste apaixonante lugar que zumega tanta, pero tanta arte, que con palabras faise imposible definila como merece. A pesar disto, atévome a dicir: "Pecho os meus ollos e escoitando o que me di, escribo aquí no aire, en verso o que sae de min: *Aroma de mil aromas/ beleza inconfundible/sensacións que te namoran/Pedras que en ti reflicten/ e afondándote transforman/o que queren nese intre/no que a miña voz lle toca/en fusión imprevisible/ que ispe a súa forma.*"

Filigranas escolares. Alumnos de Mónica Álvarez É unha obra electroacústica construída baixo unha choiva de ideas sonoras achegadas por cada neno, de sons que lles recordan á cidade fóra da súa escola. Ideas que son postas en común e que conforman un "todo sonoro", aproveitando a enriquecedora acústica do espazo que estes rapaces están acostumados a habitar durante

a súa escolaridade infantil e primaria, no CEIP San Mamede (situado no interior do Mosteiro de Santa María de Montederramo). Debuxos no ar, camiños que se atopan, motores que resoan, sirenas, pitos, máquinas que traballan, ambiente de xogo... Todo o que a eles lles chama a atención, mesturado en música de todos e para todos: algo inimaxinable para estes nenos, antes desta experiencia. Traballar con eles neste ámbito experimental, partindo de que os seus coñecementos previos, inexistentes neste campo, foi unha experiencia enriquecedora en todos os sentidos.



3SONSCREATIVOS
"Música e Cidade"
Dedicado a Llorenç Barber
CASA DO SABER
20-21 maio 2011

G.C.M.U.S.
Grupo de Creación Musical da Universidade de Santiago

A terceira edición de Sons Creativos teñen por tema *Música e cidade* e están dedicados ao compositor Llorenç Barber, inventor dos concertos de cidade, e contarán ademais coa participación doutras personalidades da música e a arte sonora contemporánea.

A cidade é o lugar no que vivimos unha parte importante dos cidadáns, e a relación que con ela mantemos e as reflexións que sobre esta relación fagamos, irán marcando o desenvolvemento. Moitos artistas estamos involucrados neste proceso a través das nosas obras, pero tamén a través das nosas reflexións en foros, escritos, investigación e docencia.

Destacar que o intercambio con outras universidades nas que se realizan traballos musicais experimentais é fundamental dentro deste ciclo. Este ano contaremos con representates da Universidade de Valencia (o profesor/compositor Miguel Molina), da Universiad Autónoma de Madrid (o profesor/compositor José Luis Carles e a arquitecta e artista multimedia Cristina Palmese), da Universidad de Castilla-La Mancha (o profesor/compositor Antonio Alcázar) e da Universidad de Castilla-León (as profesoras/compositoras Pilar Cabeza e Elena Hidalgo). Ademais están invitados os compositores e creadores Juan Gil López e Efraím Díaz.

As actividades dos 3º Sons Creativos están abertas ao público, pero están pensadas para os universitarios que queiran coñecer estes temas de forma directa. Por iso, como en anteriores convocatorias, estas actividades teñen concedido un crédito de libre configuración.

No concerto do venres, 20 de maio, estreatemos as obras que están sendo realizadas, tanto polos membros do GCMUS, como polos profesores invitados en colaboración con alumnos das súas universidades, algúns dos cales nos acompañarán neses dous días.

Inmaculada Cárdenas

Directora do GCMUS

PROGRAMA

venres 20 de maio

9:30 h

Entrega de acreditacións e inauguración.

10:00 a 11:30 h

Relatorio e mesa redonda sobre **Paisaxe sonora**. A cargo de **José Luis Carles** e **Cristina Palmese**. UAM. Coordina Juan Gil López.

12:00 a 13:30 h

Relatorio e mesa redonda sobre **Música, cidade e pedagogía**. A cargo de **Pilar Cabeza** e **Elena Hidalgo**. UVA. Coordina Inmaculada Cárdenas.

16:30 a 18:00 h

Relatorio e mesa redonda sobre **Esculturas sonoras**. A cargo de **Antonio Alcázar**. UCLM. Coordina Pilar Cabeza.

20:30 h

Concerto colectivo **Música e Cidade**.

Obras de: José Luis Carles e Cristina Palmese, Efraím Díaz, Pilar Cabeza, Elena Hidalgo, Antonio Alcázar, alumnos de Miguel Molina e obras do Grupo de Creación Musical da USC (Inmaculada Cárdenas, Arturo Vaquero e Mónica Álvarez).

sábado 21 de maio

10:00 h

Presentación do traballo colectivo realizado pola profesora **Mónica Álvarez** cos seus alumnos do CEIP San Mamede (Mosteiro de Santa Mariá de Montederramo) e música por ordenador con alumnos de ensino medio de **Charo Herrero** (Valladolid).

12:00 h

Relatorio e mesa redonda sobre **Arte sonoro e cidade**. A cargo de alumnos de **Miguel Molina**. Universitat Politècnica de València. Coordina José Luis Carles.

14:00 h

Clausura dos 3º Sons Creativos.

DATOS SOBRE RELATORIOS, COMPOSITORES E OBRAS PRESENTADAS AOS 3º SONS CREATIVOS

UNIVERSIDAD AUTÓNOMA DE MADRID (UAM).

Paisaxe sonora. A Cidade Contemporánea Entre Imaxes e Sons. Cristina Palmese e José Luis Carles.

Os cambios que experimentaron as nosas cidades nos últimos decenios están ligados a múltiples factores entre os que se atopa o feito de que sobre ela se posúan múltiples miradas. Ocupanse da cidade todo tipo de disciplinas como a arquitectura, o urbanismo, a arte urbana, a socioloxía, a enxeñaría, etc. Xorden así unha serie de preguntas que serán tratadas neste relatorio: Como introducir a dimensión sensible e considerala como un compoñente pertinente da cidade contemporánea? Como o espazo urbano actual pode ser capaz de congrega os diferentes sentidos? Como abordar dun modo adecuado e innovador a complexa problemática dunha cidade complexa? Non é suficiente ser consciente de que as nosas cidades xa non son escenarios fixos onde se actúa, nos que novas situacións perceptivas e interactivas se presentan na nosa vida cotiá. O máis importante, na nosa opinión, é coordinar os esforzos dende distintas perspectivas, aproveitando os instrumentos que proporcionan as novas tecnoloxías como medios audiovisuais para o estudo e o proxecto sobre a cidade para entender a nosa relación co medio.

OBRAS: ***Plaza multimedial. Cristina Palmese- José Luis Carles***

O obxectivo do traballo é recoller unha serie de instantáneas urbanas cotiás nunha estrutura audiovisual autónoma na que a imaxe e o son, a conxunción de vídeo, fotografía, sons e música servan para restituir o ambiente urbano. Na montaxe subxace un interese polas cualidades sensibles do espazo urbano, polos diversos aspectos sensoriais do vivir cotiá nas prazas e espazos públicos. O noso formulamento implica a necesidade de editar fragmentos sonoros e visuais cotiás montados segundo as posibilidades que ofrece a linguaxe audiovisual nun punto de encontro entre o documental e a creación experimental.

José Luis Carles. Compositor e ecólogo. Doutor en Ciencias Biolóxicas.

Experto en Paisajes Sonoros e música electroacústica. Primeiro premio do 33 Concurso Internacional de Música Electroacústica de Bourges 2006 Sección Quadrivium categoría Arte Sonoro Electroacústico. Autor de Música incidental para Teatro, Ballet, cine e TV Coordinador dos Encuentros Iberoamericanos sobre Paisajes Sonoros. Profesor do Departamento Interfacultativo de Música da UAM.

Cristina Palmese. Natural de Domicella (Italia), licenciada en Arquitectura (Facultad de Arquitectura de la Universidad Federico II de Nápoles), proxecto fin de carreira cun Espazo para a música (Un muro a Lauro: la rícerca del silenzio).

Especializada en Proxectos urbanos pola Universidad de Nápoles e experta en Reestruturación e rehabilitación urbana e arquitectónica. Autora de escenografías, videoinstalacións e instalacións audiovisuais en galerías de arte, concertos e festivais.

OBRAS: ***Plaza multimedial. Cristina Palmese- José Luis Carles***

O obxectivo do traballo é recoller unha serie de instantáneas urbanas cotiás nunha estrutura audiovisual autónoma na que a imaxe e o son, a conxunción de vídeo, fotografía, sons e música servan para restituir o ambiente urbano. Na montaxe subxace un interese polas cualidades sensibles do espazo urbano, polos diversos aspectos sensoriais do vivir cotiá nas prazas e espazos públicos. O noso formulamento implica a necesidade de editar fragmentos sonoros e visuais cotiás montados segundo as posibilidades que ofrece a linguaxe audiovisual nun punto de encontro entre o documental e a creación experimental.

Montáronse fragmentos nunha sucesión de instantánea que non siguen a lóxica cinematográfica do documental convencional simplemente descriptivo senón que buscan unha temporalidade e unha estrutura perceptiva propia capaz de expresar a identidade de cada lugar.

UNIVERSIDAD DE VALLADOLID (UVA)

Música, cidade e pedagogía. Pilar Cabeza e Elena Hidalgo.

A linguaxe musical que a educación convencional se aferra en manter evolucionou e é descoñecida a súa interpretación e as súas posibilidades pedagóxicas. A cidade agora está chea de sinais identificables e de “instrumentos” que se transformaron en corpos ou estruturas sonoras. A pedagogía musical debe evolucionar incorporando a música concreta como porta de entrada a un concepto de músicas onde a creación na aula e as ferramentas informáticas volven escribir a historia dende unha experiencia educativa.

Pilar Cabeza Rodríguez é profesora Titular da Área de Música da UVA na Escuela Universitaria de Educación de Palencia. Especialista en Pedagogía Musical Contemporánea para a Educación. Como relatora colaborou con numerosos Centros de Formación de Profesorado de Castilla-León.

Organizadora e relatora en cursos e reunións científicas subvencionadas pola Junta de Castilla y León e a Universidad de Valladolid, todos eles centrados no tema da *Composición Musical Contemporánea* e a *Creación Musical na aula*. Responsable do Programa Erasmus: *A dimensión Europea na ensinanza*. Asesora do MECD e da Junta de Castilla

y León na fase de planificación curricular da Educación Infantil e Primaria. Promoveu e colaborou na tradución do libro *Músicas en la Escuela* en 2004, publicado como orixinal pola editorial Fuzeau.

Elena Hidalgo é profesora da Área de Música da UVA na Escuela Universitaria de Educación de Palencia. Compositora electroacústica, traballa na actualidade sobre Eduardo Polonio.

OBRAS: ***Ciudad animada. Pilar Cabeza***

Un concepto profundo da cidade e os seus poboadores transfórmanse nesta obra que ten como idea fundamental o que se mantén inmutable e aflora nunha sociedade onde o cultivo da arte se considera un adorno.

Mirando sonidos. Pilar Cabeza

O noso contorno soa en clave de música. A educación necesita sabelo e ensinar tamén con isto sen esquecer quen nos aportou as ideas que xerminan na nosa creación. Autores como Cage o Lucier serven de base para esta proposta “sonográfica”. Estas dúas obras foron realizadas pola profesora Pilar Cabeza Rodríguez e as estudantes Rocío Franco Arranz, Laura Ibáñez Carriedo e Estíbaliz González Pérez.

Pilar Cabeza Rodríguez é profesora Titular da Área de Música da UVA na Escuela Universitaria de Educación de Palencia. Especialista en Pedagogía Musical Contemporánea para a Educación. Como relatora colaborou con numerosos Centros de Formación de Profesorado de Castilla-León.

Organizadora e relatora en cursos e reunións científicas subvencionadas pola Junta de Castilla y León e a Universidad de Valladolid, todos eles centrados no tema da *Composición Musical Contemporánea* e a *Creación Musical na aula*. Responsable do Programa Erasmus: *A dimensión Europea na ensinanza*. Asesora do MECD e da Junta de Castilla

UNIVESIDAD DE CASTILLA – LA MANCHA (UCLM)

Esculturas sonoras e experiencia sonora en Cuenca. Antonio Alcázar Aranda.

O concepto de esculturas sonoras ábrese paso en Francia da man dos irmáns Bachetts, será un novo intento na década dos cincuenta do século XX de romper fronteiras entre as artes. Outros intentos virán da man de artistas norteamericanos como o Land Art,...

Antonio Alcázar Aranda. Centra o seu labor no desenvolvemento de recursos, materiais e estratexias que pretenden unha sensibilización perceptiva cara a todo fenómeno sonoro e o seu emprego como medio de comunicación e expresión a través da Pedagogía da creación musical.

Impartiu numerosos cursos, talleres e seminarios de pedagogía musical e Pedagogía da creación en España e Italia e participou en congresos dos cales conta con varias publicacións. Organizou e dirixiu seis ciclos de concertos didácticos para escolares (con *Certo Desconcerto*), cunha asistencia de máis de doce mil nenos.

O seu perfil pedagóxico atópase estreitamente relacionado ao seu interese pola creación sonora, as músicas contemporáneas e os medios electroacústicos. Compuxo e adaptou a música para distintas montaxes de teatro experimental, realizou música para audiovisuais, estreando varias obras de música electroacústica e é o responsable da creación do TIEM (Taller de Informática e Electroacústica Musical) na Facultade de Educación de Cuenca. Autor dunha tese de doutoramento sobre a análise da música electroacústica, presentou comunicacións en congresos

internacionais e escribiu varios artigos sobre o tema.

OBRAS:

Contrastes_Tres. Recreacións sonoras campo_cidade. Obra mixta para instrumental Baschet e electroacústica. Alumnos de 3º de Educación Musical. (Laura Abalos Muñoz / Adrián Gil Bayarri / Mº Luz Hervías Canorea / Raúl López Lázaro / Noelia Martínez Rubio/ Paula Pérez Chumillas / María Pons Corbera /Alexandra Sevilla García). Facultade de Educación de Cuenca Electroacústica e dirección: Antonio Alcázar. Na obra preséntanse parte de tres creacións colectivas con instrumental Baschet e con outros materiais sonoros en torno ao binomio campo/cidade.As devanditas creacións volveron ser elaboradas posteriormente e acompañadas de electroacústica para ofrecelas neste concerto.

UNIVERSITAT POLITÈCNICA DE VALÈNCIA (UPV)

Arte sonora e cidade. Miguel Molina Alarcón.

Abordarase a cidade como marco acústico e contextual de intervención da arte sonora nas súas diferentes manifestacións de instalación sonora e accións públicas. Engadíranse os antecedentes na vangarda histórica a principios do s. XX, como os “ruidos de la vida” formulados polo futurista Luigi Russolo, a participación activa do cidadán e os ruidos mecánicos da cidade na vangarda soviética do macro-concerto “sinfonía de las sirenas” de Arseni Avraamov e a simultaneidade de impresión e efecto na “perspectiva musical” vida de distintos rincóns da cidade recollida polo compositor

Charles Ives. Formularase tamén a incorporación das obras sonoras no mesmo espazo público coas instalacións de Max Neuhaus, iniciadas nos anos sesenta como toma de conciencia de contorno acústico circundante da cidade. Como parte central, exporanse algunhas intervencións actuais de arte sonora na cidade que remarcan unha escoita activa dun “oyente transeúnte” e dunha sonoridade plurifocal como os “Conciertos de las ciudades” de Llorenç Barber. Finalizarase con algúns exemplos de traballos de arte sonora realizadas no contexto da cidade por estudantes da Facultad de Bellas Artes de Valencia.

Miguel Molina Alarcón (Teatinos-Cuenca, 1960). Artista sonoro e

catedrático do Dpto. de Escultura da Facultad de Bellas Artes de Valencia (UPV). Investigador responsable do grupo de investigación Laboratorio de Creacións Intermedia (LCI) da Universitat Politècnica de València, desde onde se realizaron varios proxectos de investigación dos antecedentes da arte sonora da vangarda histórica internacional e da española, coa restitución e materialización dalgunhas obras de escultura sonora, radio-arte, música experimental e poesía sonora, recollidas en varias publicacións: “Ruidos y susurros das Vanguardias (1909-1945)” e “Baku: Symphony of Sirens. Sounds Experiments in the Russian Avant-Garde (1908-1942)”. Como artista participou en varios eventos nacionais e internacionais de Música Electroacústica e de Arte Sonora: “PUNTO DE ENCUESTRO. XVII Festival Internacional de Música Electroacústica” (Valencia, 2010), “VIBRATO II. Ciclo de Arte Sonoro

e Experimental (Elche, 2010)”, “PARLANTE. Encuentro Iberoamericano de Arte Sonoro” (Caracas, 2009), “MEGALÓPOLIS SONORAS. Foro Mundial de Ecología Acústica” (México, 2009), “MASE: 1º Muestra de Arte Sonoro Español” (Córdoba, 2006), “SONOM. Festival Internacional de Arte Sonoro” (Monterrey-México, 2006), “Ciber@RT. GMEBAPHONE orquesta d’altaveu (Auditori de Torrent, 1997), “FUTURA. Festival Internacional d’Art Acousmatique et des Arts de Support » (Crest-Francia, 1997), « SYNTHÈSE. 26ª Festival International de Musique Electroacoustique» (Bourges, 1996).

OBRAS :

Coordinador das obras presentadas:

Miguel Molina Alarcón.

Recompilación das obras de vídeo:

Mónica del Rey Jordà. Obras realizadas dentro da materia Escultura y Medios Audiovisuales II do Departamento de Escultura da Facultad de Bellas Artes de Valencia (Universitat Politècnica de València). Curso 2010-2011.

Inaudible diumenges i festius de annaCAN Peza sonora 2’21”.

Os días laborais todos seguimos o mesmo ritual. Erguémonos cada día para coller o noso coche, a moto, a bicicleta, algún transporte público ou para comezar a camiñar, a desprazarnos pola cidade que é unha auténtica xungla de sons. Desprazámonos ás veces mecanicamente, inconscientes da nosa contribución a esta xungla, captando as vibracións que se producen cos nosos desprazamentos, compoñer con elas un tipo de ritmo que reflicte o día a día da cidade. O título quere expresar que este é o estado natural da cidade, só os días festivos se para este automatismo que

obriga a moitos a ir da casa ao traballo, do traballo á casa, aceleradamente, sen tempo para pensar nin escoitar.

Vibracions del pont de calatrava de València de Xisco Martínez, Fernando Guijar e Edu Comelles. Peza sonora/ instalación (130 -extracto-)

Para o desenvolvemento da peza construíronse uns micrófonos de contacto cos que rexistrar o son de tráfico a través da estrutura de ferro da ponte construída polo arquitecto Santiago Calatrava. Os rexistros sonoros foron tratados por ordenador para crear a composición sonora que formou parte dunha instalación sonora na Sala de Exposicións da Facultat de Belles Arts de Barcelona en maio de 2010, mediante a disposición de altofalantes ao longo do espazo expositivo baleiro, onde con só o son se pretendía conferir un carácter escultórico ao potenciar o sentido de tacto pola falta de información visual e o percorrido do oínte dun lado a outro da sala, como se se tratara da ponte. Esta obra realízouse dentro dun taller de máster na Facultad de Bellas Artes de Valencia, impartido polo profesor e artista sonoro Josep Cerdá.

Mitocondria de Almudena Millán Nuez e Pau Orts Ros Peza sonora (3’20’). É o resultado dunha deriva sonora realizada na cidade de Valencia durante unha noite; a desorde, mestura e a repetición dos sons que foron capturados. “O son, a rúa, a noite, ela e el. Non faltaba ningúen”.

Ciudad líquida de Rosa Marí Ochs Nicola. Peza sonora (2’). É un desencoontro persoal entre “o ser-individuo” e a fluidez, a circulación, a velocidade das cidades. Á vez, é